



Chegamos ao mes de maio. É o quinto mes do ano, con 31 días. Os campos floridos e as hortas rebosantes de froitos enchen de cor as nosas paisaxes.

Xa estamos a piques de rematar o curso e dicimos adeus ao noso proxecto *Animados animais* e polo tanto, aos nosos menús especiais relacionados co mesmo.

Este mes é especial para os galegos e galegas. O 17 de maio celébrase a festa da lingua galega, unha celebración institucionalizada pola Real Academia Galega (RAG) que chega á súa 60ª edición homenaxeando ao tradutor, novelista, historiador, xornalista, ensaísta e editor Francisco Fernández del Riego.